# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2020/7 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria |
| **Data** | 29 de outubro de 2020 |
| **Duración** | Desde as 13:00 ata as 14:50 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | rocio lopez garcia |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 76580879X | rocio lopez garcia | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

Begoña González Pedregal (1 para 2)
Secretaria - Interventora
Data de Sinatura: 09/11/2020
HASH: 567121f86601f53738f59bc1f9c4a338

rocio lopez garcia (2 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 09/11/2020
HASH: 3138d77e67743bc51523075352b99a94

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 58

| **APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 29/09/2020.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e nove de setembro dous mil vinte (29/09/2020), e advertindo os presentes que no punto número 13, *Expediente 216/2020.- Licenzas Urbanísticas. Declaración ruína María Castedo Gacio*, non constaba que a Alcaldesa se ausentara da sesión cando así o fixera, por unanimidade decidiuse que se fixera constar dito extremo na acta, e así no parágrafo onde dí: *"Vista a documentación presentada así como os informes* xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA..." deberá dicir*:* "Vista a documentación presentada así como os informes *xurídico e do Técnico Municipal, e ausentándose neste momento a Sra. Alcaldesa, de conformidade co disposto no artigo 21 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro a Xunta de Goberno Local, por unanimidade do concelleiros presentes nese momento na sesión, ACORDA...".* Unha vez feita dita modificación, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

| **Expediente 652/2019. SOLICITUDE DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. D. JOSÉ RAMÓN SIMÓN GÓMEZ** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por D.JOSÉ RAMÓN SIMÓN GÓMEZ con NIF.****2934F, con domicilio en Avda. Puente de Manzanares núm. 25, 28770 Colmenar Viejo (Madrid),con data 03/09/2019 e que tivo entrada nas oficinas municipais o día 03/09/2019, sendo rexistrada de entrada co núm. 1829, para a realización dos traballos consistentes en CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR AISLADA, parroquia de Santo Tomé, lugar de Siviceira (Lourenzá) na parcela con Referencia Catastral 27027C009030640000DS, para o que se acompaña proxecto visado o 05/02/2020 con núm. 2000512.2, redactado por Dª. Mayte Vidal Lourido, arquitecta colexiada núm.4088 del COAG.

*Vista a documentación presentada así como os informes* xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 58

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 10/09/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Ordenanza de aplicación: Solo de Núcleo Rural.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

O inmoble encóntrase no contorno de protección da Casa na estrada LU-131 en Veiga de Santo Tomé, Catalogada polo que deberán cumprirse as condicións a que fai referencia o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia de data 10/03/2020, expte 28870/2 que se transcriben seguidamente:

"Descrición da actuación.-

Anteriormente informouse: O proxecto básico describe a construción de vivenda illada de planta baixa. Conta con 3 volumes diferenciados polas distintas alturas das cubertas (a zona de día, a de noite e a de servizo). Todas as cubertas resólvense a dúas augas con entramado de madeira e remataranse con paneis sándwich e lousa recortada. Os cerramentos executaranse con fábrica de termoarxila con sistema SATE que recebará e pintará segundo a Guía de Cor e Materiais de Galicia e a carpintería exterior será en madeira pintada e cor verde.

Agora remítese o proxecto de execución no que se desenvolve o xa descrito no proxecto básico e incorporando os condicionantes expostos no informe previo desta Consellería. Deste xeito a vivenda resólvese nun único volume con cuberta a dúas augas e outro volume para o garaxe a dúas augas máis pequeno e retranqueado respecto do primeiro. As cubertas resólvense sen voos ou aleiros, tan só proponse prolongar a cuberta do garaxe a modo de porche por diante tan to do garaxe como da vivenda.

Conclusión: A actuación agora descrita no proxecto de execución non menoscaba os valores característicos de ámbito do ben protexido nin a contemplación do mesmo. Nestas condicións emítese informe favorable."

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 36 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar catro mil sesenta e nove euros con catorce céntimos (4.069,14) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en cento trinta e cinco mil



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 58

seiscentos trinta e oito euros (135.638,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 6/2020. SOLICITUDE LICENCIA OBRAS Dª REMEDIOS OTERO EXPÓSITO. CUBERTA DE CABOZO.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por Dª. REMEDIOS OTERO EXPÓSITO con NIF.****7880Q, con domicilio no lugar de Tiagonce núm.2, parroquia de Santa María, con data 16/12/2019 e que tivo entrada nas oficinas municipais o mesmo día 16/12/2019, sendo rexistrada de entrada co núm. 2690, para a realización dos traballos consistentes en REHABILITACIÓN DE CUBERTA DE HÓRREO, sita no lugar de Tiagonce, 2 da parroquia de Santa María, na parcela con Referencia Catastral 27027B002005090000LH, na zona de policía do Río Batán, para o que acompaña presuposto das obras a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 15/10/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Ordenanza de aplicación: Solo Rústico de Protección Agropecuaria.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.

As obras realizaranse de acordo as condicións xerais e particulares que figuran na Resolución favorable do organismo autónomo de Augas de Galicia, Expediente DH.W27.70159 de data 23/07/2020, que literalmente se transcriben:

"A.-XERAIS:

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.



Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59334TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 58

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

B.-PARTICULARES:

1.- As obras consistirán na substitución da cuberta dun cabozo existente no predio con referencia catastral 27027B002005090000LH, no lugar de Tiagonce, na parroquia de Santa María de Lourenzá, no concello de Lourenzá (Lugo).

Os traballos que se executarán consisten na substitución da estrutura de madeira (cangos) e colocación de lousa ou tella superficial.

As obra atópanse na marxe esquerda do leito público do río



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 58

Batán, na súa zona de policía, a unha distancia duns 46 m deste.

As obras que se autorizan deberán limitarse aos traballos de mantemento sinalados, sen aumentar as súas dimensións nin en forma nin en volumen construido, sen que esta autorización supoña a legalización da obra preexistente.

2.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. a partir da marxe dos leitos dos ríos e regatos), quedando en todo caso expedita.

3.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.

4.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas de vexetación de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.

5.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as obras se executarán en condicións climatolóxicas favorables.

6.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se deixarán depósitos de residuos das obras no leito nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas.

7.-Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais de obra cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable).

8.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de septiembre por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales e las normas de calidad ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de octubre, por el que se regula la protección de las aguas subterráneas contra la contaminación y el deterioro.

9.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, andamios ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do edificio, estas colocaranse preferentemente fóra do leito do rego,da zona de servidume de leitos públicos, da zona de fluxo preferente e preferentemente das zonas inundables, e adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 58

10.-Esta entidade pública non será responsable da solución técnica e estrutural elixida polo solicitante.

11.- No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional ou definitiva de parcelas alleas precisarase acordo cos seus titulares.

12.-Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.

13.-Prohibirase a corta o destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira agás que conte con autorización específica para estes traballos.

14.- Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m. de ancho,medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

15.- Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteración na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ó río por escorrentías ou cheas.

Os residuos xerados durante a execución terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.

16.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

17.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a  validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar PRÓRROGA con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.

18.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 58

Consta tamén no expediente o informe de Consellería de Medio Rural de data 03/02/2020, Expediente A12X00508, no que literalmente consta o seguinte:

*"A parcela 509 do polígono 2 da parroquia de Santa María de Lourenzá sobre a que se ubica o cabozo ten a condición de solo rústico de especial protección agropecuaria, segundo o disposto no artigo 34.2 da Lei 2/2016 , de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dado que se trata de terreos que foron obxecto de concentración parcelaria con resolución firme (Zona Concentración Parcelaria de Lourenza Norte).*

*Faise constar que o que na fase final de concentración parcelaria de Lourenzá Norte figuraba como parcela 509, actualmente está dividida en 3 subparcelas, con numeración catastral 509,10509 e 20509, efectuada con posterioridade á finalización do proceso e da que non se ten constancia neste servizo, sendo claramente contraria aos intereses pretendidos coas actuacións de concentración parcelaria.*

*As actuacións pretendidas de "renovación de cuberta en cabozo" pola súa escasa entidade non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador dado que afectan unicamente a unha construción e non á parcela na que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administración ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."*

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar corenta e cinco euros con noventa e nove céntimos (45,99) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil cincocentos trinta e tres euros (1.533,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59334TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 58



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

**Expediente 260/2020. SOLICITUDE LICENCIA Dª MONICA Mª TARRÓN LOUREIRO. INSTALACIÓN DE FOSA SÉPTICA.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por Dª.MÓNICA MARÍA TARRÓN LÓPEZ con NIF.****5027L, con domicilio no lugar de Currillón núm. 2, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), con data 18/05/2020 e que tivo entrada nas oficinas municipais o día 04/06/2020, sendo rexistrada de entrada co núm. 925 para a realización dos traballos consistentes en INSTALACIÓN DE FOSA SÉPTICA PARA VIVENDA UNIFAMILIAR, parroquia de Santo Adrao, lugar de Currillón (Lourenzá) na parcela con Referencia Catastral 27027C006016560000DT e referencia catastral da edificación 002103100PJ41A0001ZZ, para o que se acompaña proxecto técnico da instalación de data febreiro/2020, redactado por Dª.Angeles Moirón Fernández, arquitecta técnica colexiada núm. 621 do COAAT.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 10/09/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Ordenanza de aplicación: Solo de Núcleo Rural.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

As obras realizaranse de acordo coas condicións que figuran na Resolución de data 10/07/2020 da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade-Augas de Galicia, Expte. DH.V27.71245, coas condicións que literalmente se transcriben:

*“1ª.-<u>PROXECTO TÉCNICO</u>: As obras axustaranse á documentación aportada xunto coa solicitude de autorización de vertido de augas residuais ao dominio público e demais documentación presentada ante Augas de Galicia durante a tramitación do presente expediente.*

*2ª.-<u>CAUDAL DE VERTIDO</u>: O caudal máximo de vertido de augas residuais domésticas depuradas por inflirtación no terreo ( cunca do río Masma) procedente da vivenda unifamiliar é de 438*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 58

*m3/ano.*

*3ª.-<u>PUNTO DE VERTIDO</u>: As coordenadas UTM do punto de vertido das augas residuais domésticas depuradas por inflirtación no terro (cunca do Río Masma) son as seguintes: X=640.129; Y=4.810.165(datum ETRS89).*

*4ª.-<u>TRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS</u>: As augas residuais domésticas procedentes da vivenda unifamiliar son tratadas nunha fosa séptica de decantación-dixestión con filtro biolóxico deseñada para 4-6 habitantes equivalentes, de 2.000 litros de capacidade e dimensións 1,9 m. de lonxitude;1,19 m. de anchura e 1,44 m. de altura total.*

*O efluente final do sistema de depuración é infiltrado no terreo(cunca do Río Masma) a través de sete zanxas filtrantes de 0,45 m. de anchura e 0,8 m de profundidade cada unha, tres delas de 27 m. de lonxitude e catro de 13,5 m. de lonxitude.*

*5ª.-<u>CALIDADE E CONTROL DO VERTIDO</u>: Os límites dos parámetros do vertido ou as porcentaxes mínimas da súa redución, serán os que se reflicten na seguinte táboa:*

| PARÁMETROS | LÍMITE | PORCENTAXE MÍNIMA DE REDUCIÓN |
|---|---|---|
| DBO5 | 200 mg/L | -/>20% |
| DQOtotal | 300 mg/L | -/>30% |
| Sólidos en suspensión | 150 mg/L | -/>50% |
| Aceites e graxas | 25 mg/L | - |
| Deterxentes | 3 mg/L | - |

*Os límites máximos permitidos para o resto de parámetros serán os especificados na lexislación vixente en cada momento.*

*O titular da presente autorización comprométese en todo momento a garantir estes rendementos de depuración ou límites de vertido.*

*Tal e como se recolle no artigo 245.5 b) do Regulamento de dominio público hidráulico, en ningún caso o cumprimento dos valores límite de emisión establecidos poderá alcanzase mediante técnicas de dilución.*

*Augas de Galicia resérvase a facultade de modificar os límites imposto ao vertido e a ade esixir ao autorizado a construción e explotación das obras e instalación necesarias para a súa adecuación ás esixencias do Plan Hidrolóxico da cunca e outras*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 58

*disposicións legais ou regulamentarias, sen que isto dea lugar a indemnización ao autorizado.*

*Se a práctica demostrase que a xestión realizada é insuficiente pola calidade do vertido en relación cos límites fixados nesta autorización e/ou na lexislación vixente, así como pola calidade do medio receptor no caso de que se demostre que o vertido obxecto desta autorización é determinante do incumprimento dos obxectivos de calidade do medio receptor; o titular deberá,previa autorización correspondente, executar as obras e instalacións necesarias para axustar o vertido ás características autorizadas. Neste senso, Augas de Galicia poderá esixir ao autorizado a instalación de tratamentos complementarios e calquera outra mellora nas instalacións que resulte axeitada para acadar os límites impostos e outros que se poidan impoñer, determinando os prazos correspondentes.*

*6ª.-DISPOSITIVOS DE CONTROL DO VERTIDO: Á saída do sistema de depuración e previo ao vertido por inflirtación no terreo das augas residuais domésticas depuradas disporase dun dispositivo para o control do vertido, que deberá reunir as características necesarias para obter mostras representativas do vertido e comprobar o rendemento das instalacións de depuración. O dispositivo deberá ter acceso para a súa inspección por parte do persoal de Augas de Galicia.*

*Calquera incidente será comunicado no momento de producirse, por escrito, a Augas de Galicia.*

*7ª.-INSPECCIÓN DO VERTIDO: Augas de Galicia poderá efectuar, cando o estime oportuno, análises de comprobación da calidade do vertido para cotexar que se cumpren as condicións expostas nesta autorización.*

*8ª.-FINALIZACIÓN DAS OBRAS: As obras correspondentes á construción das instalacións de depuración e de evacuación das augas residuais deberán estar rematadas no prazo de DOUS (2) MESES a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución de autorización de vertido outorgada por esta entidade. A titular deberá comunicar a Augas de Galicia a data de finalización das devanditas obras aos efectos de ser levada a cabo a correspondente comprobación. No caso de que as obras non fosen finalizadas neste prazo, a titular, previa xustificación das causas que o motivaron, poderá solicitar unha prórroga ante esta entidade a tales efectos.*

*9ª.- VERTIDOS ACCIDENTAIS: No caso de que accidentalmente se produza un vertido en condicións non autorizadas, o interesado deberá acreditar ante Augas de Galicia que adoptou as medidas axeitadas para enmendar as causas que o motivaron, sen prexuízo*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 58

*das responsabilidades nas que poida incorrer.*

*10ª.- <u>RESPONSABILIDADES DO SOLICITANTE:</u> A autorización non exime ao titular do vertido que se autoriza da posible responsabilidade civil, penal ou administrativa polos danos que poida causar o vertido en cultivos, animais, fauna piscícola, persoas ou bens.*

*11ª.- <u>XESTIÓN DOS RESIDUOS</u>: Os lodos, graxas, residuos sólidos e semisólidos xerados no sistema de depuración serán retirados por un xestor de residuos autorizado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Os devanditos residuos serán sometidos a tratamento procedente, quedando expresamente prohibido o seu depósito en zonas onde poidan contaminar as augas.*

*No caso de que os lodos procedentes das instalacións de depuración pretendan destinarse previo tratamento, á aplicación en solos agrarios, deberase cumprir co disposto no Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*12ª.-<u>VIXENCIA DA AUTORIZACIÓN:</u> O prazo de vixencia da presente autorización fíxase en <u>CINCO (5) ANOS</u>, contados a partir da data desa, entendéndose prorrogada se non existe resolución previa en contra, que deberá ser comunicada cunha antelación de <u>TRES (3) MESES</u>, e sempre que se manteñan as características do vertido e as do medio receptor.*

*13ª.- <u>PREXUÍZO DE TERCEIROS</u>: A autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, coa obriga de conservar e restituír ás servidumes legais existentes.*

*14ª<u>.-LICENCIAS OU PERMISOS ADICIONAIS</u>: O outorgamento desta autorización non exime ao seu titular da obtención das licencias, permisos e autorizacións legalmente pertinentes.*

*15ª.-<u>REVOGACIÓN</u>: A autorización poderá ser revogada de acordo co establecido no artigo 263 e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico.*

*16ª.-<u>MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN</u>:Calquera modificación realizada nas instalacións que afecte ao punto do vertido, ao caudal máximo de vertido, aos rendementos de depuración, etc, deberá ser comunicada por escrito a Augas de Galicia para a súa valoración aos efecto de proceder, no seu caso, á modificación dos termos da resolución.”*

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 6 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 58

corenta e cinco euros (45,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil cincocentos euros (1.500,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 741/2019. SOLICITUDE LICENCIA D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ OTERO. PINTURA FACHADA DE VIVENDA E PALLEIRA.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ con NIF.****8946L, con domicilio no lugar de Redondelo núm. 14, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), con data 30/09/2019 e que tuvo entrada nas oficinas municipais o día 01/10/2019, sendo rexistrada de entrada co núm. 2035, para a realización dos traballos consistentes en PINTURA DE FACHADA VIVENDA E PALLEIRA, no lugar de Redondelo parroquia de San Adriano desde Termo Municipal na parcela con Referencia Catastral 000601600PJ40G0001PS, no Kilómetro 2,610, marxe esquerdo, da estrada LU-P-2801 "SANTO TOMÉ (LU-622)-AUGAXOSA,MAZO" para o que acompaña presuposto.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 26/10/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Ordenanza de aplicación: Solo de Núcleo Rural.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras solicitadas refírense á pintura de fachadas, obra de escasa complexidade técnica e que non supón alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario proxecto técnico.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 58

Teranse en conta as condicións especiais que figuran na Resolución emitida pola Deputación Provincial de Lugo de data 23/12/19, que se transcriben:

Condiciones Especiales.

1.- *A) CONDICIONES ESPECIALES*.

*1.- Se autorizan las obras de conservación y mantenimiento de una edificación y de un pajar, consistentes en pintado de los mismos y no podrán suponer cambio de uso ni incremento de volumen edificado.*

*2.- La ejecución de cualesquiera obras ( accesos, salvacunetas..) instalaciones(canalizaciones subterráneas, conducciones aéreas...) o cualquier actividad (plantación..) no expresamente comprendidas en la presente autorización, situadas a distancia inferior a la afección de la vía provincial, según definición del art. 40 de la Ley 8/2013, de 28 de junio, de Carreteras de Galicia, y que resulte a 32 m., del borde asfaltado, deberán ser objeto de autorización mediante presentación por el interesado de solicitud en la que conste descripción detallada de las características, dimensiones, materiales de la situación actual y distancia al borde exterior de la calzada, así como de las actuaciones que se pretenden realizar.*

*3.- Cualquier instalación provisional (andamios, grúas, vallas, señales..) que pudieran afectar a la zona de dominio público o servidumbre, según definición de los art. 37,38 y 39 de la Ley 8/2013 de Carreteras de Galicia, y que resulte a distancia inferior a 4 m. del borde asfaltado, deberán ser objeto de solicitud por el interesado, indicando los metros de frente a la vía provincial y distancia al borde del firme y eje de la carretera, así como plazo previsto de ocupación de la misma.*

*4.- La presente autorización se otorgará a reserva de las demás licencias y autorizaciones necesarias sin perjuicio de terceros y dejando a salvo los derechos preexistentes sobre los terrenos o bienes.*

*5.- Las actuaciones podrán ser inspeccionadas en todo momento por el personal de la administración titular de la carretera o de la que otorgó la autorización.*

*6.- Las tasas se devengarán preceptivamente y obligatoriamente en su totalidad antes del inicio de obra, facultad que otorga a esta Diputación el art. 9 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Autorizaciones de obras y otros aprovechamientos situados en zonas contiguas a las carreteras provinciales, BOP. 258 de 10/11/1995 y el art. 6 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la utilización privativa o*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59347Y3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 58

*aprovechamiento especial bienes de dominio público provincial BOP. 261 de 13/11/1998) y la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Lo establecido en la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria en su art.62. Plazos para el pago, no habilita la presente autorización mientras no se hayan satisfecho las preceptivas tasas.*

*7.- Deberá comunicar por escrito la fecha de inicio de las obras con una antelación de diez (10) días con el fin de poder llevar a cabo un seguimiento de las mismas por el personal adscrito a Vías y Obras. Las obras deberán hallarse terminadas en el plazo de Doce (12) meses contados a partir de la fecha de la notificación. El incumplimiento de las referidas condiciones significa la nulidad de la autorización, pudiendo dar lugar al correspondiente procedimiento sancionador y responsabilidades que se pudieran detraer.*

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar noventa euros (90,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en tres mil euros (3.000,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 431/2018. SOLICITUDE LICENCIA SUBSTITUCIÓN SEIS VENTÁS. D. DONATO RODRIGUEZ LOREDO.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por D.DONATO RODRÍGUEZ LOREDO con NIF.****8942F, con domicilio no lugar de As Plazas núm.13, parroquia de Santa María deste termo municipal, con data 28/05/2018 e que tivo entrada nas oficinas municipais o día 05/06/2018, sendo rexistrada de entrada co núm. 1062, para a realización dos traballos consistentes en SUBSTITUCIÓN DE SEIS VENTÁS sita no lugar de As Plazas núm.13, parroquia de Santa María na parcela con Referencia Catastral 7948010PJ3174N0001PF na zona de afección do Río Baos, e no territorio histórico do Camiño de Santiago Norte-Ruta da Costa, para o que acompaña presupuesto das obra a realizar,

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59334TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 58

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 26/10/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Ordenanza de aplicación: Solo Urbán. Ordenanaza 01A. Residencial Intensiva en Liña.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras solicitadas refírense á substitución da carpintería en vivenda existente, obra de escasa complexidade técnica e que non supón alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario proxecto técnico.
- Deberán cumprirse as condicións establecidas no punto 4.2 da Resolución emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio de data 25/09/201

que se transcriben seguidamente:

"a) A nova carpintería exterior será sinxela sen ornamentos e de cor branca ao igual que as existentes. Aplicarase como acabado un lasur pigmentado ou unha pintura branca de acabado mate.

b) De colocar elementos para o escurecemento dos ocos, elixirase preferentemente contras interiores de madeira, pintadas de branco. Non se consideran axeitadas as persianas exteriores por non ser unha tipoloxía tradicional da zona, colocaranse en todo caso ao interior."

- Deberán cumprise as condicións xerais e particulares que figuran na Resolución emitida polo organismo autónomo de Augas de Galicia, Expediente DH. W27.63520, de data 23/11/2019, no que figuran, literalmente, as seguintes condicións xerais e particulares:

"A.-XERAIS:

*1.- As obras que se legalizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*

*2.- Outórgase a legalización sobre a base de que se trata de obras de conservación e mantemento dentro dunha edificación xa existente, polo que a actuación non debería supor un aumento da afección ao dominio público hidráulico e/ou ás súas marxes. En todo caso advírtese que esta legalización non supón a legalización da obra preexistente.*

*3.- As obras consistiron na substitución de 6 xanelas exteriores na vivenda situada na parcela con referencia catastral*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 58

*7948010PJ3174N0001PF, no lugar das Plazas, na parroquia de Santa María, no concello de Lourenzá (Lugo).*

*4.- Outorgase esta legalización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*

*5.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

*6.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*

*7.- Esta legalización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*

*8.- O titular será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se legalizan quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se legalizan.*

*9.- Esta legalización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.*

*10.- Esta legalización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras."*

*- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.*

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento trinta e un euros con corenta céntimos (131,40) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en catro mil trescentos oitenta euros (4.380,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 58

**Expediente 417/2019. SOLICITUDE LICENCIA D. MÁXIMO GACIO RIVAS. SUBTITUCIÓN CUBERTA E COLOCACIÓN CANALÓNS.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Vista a solicitude de licencia formulada por D. MÁXIMO GACIO RIVAS con NIF.****0621H, con domicilio no lugar de Casanova núm. 2, parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, con data 06/05/2019 e que tivo entrada nas oficinas municipais o día 27/05/2019, sendo rexistrada de entrada co núm. 1055, para a realización dos traballos consistentes en SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE E COLOCACIÓN DE CANALÓNS E BAIXANTES, no lugar de Casanova núm. 2, parroquia de Santo Tome, na parcela con Referencia Catastral 001903000PJ31B0001JE, dentro do territorio histórico do Camiño de Santiago Norte, Ruta da Costa de conformidade co Decreto 158/2014 de 27 de novembro polo que se aproba a súa delimitación, ademais encóntrase tamén dentro do contorno de protección do Castro de Rigueira incluído no Catálogo do Plan Básico (PBA) aprobado definitivamente no 2018, para o que acompaña proxecto básico de data outubro/2020 visado o 19/10/20, con núm. 2020/904, redactado por Dª. Angeles Moirón Fernández, arquitecta técnica colexiada núm. 621 del COAAT.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 27/10/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Ordenanza de aplicación: Solo de Núcleo Rural.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Cumprirase as condicións que figuran no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo,



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59343TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 58

Expediente 2019/1652 CNC, de data 16/01/2020 no que se informa que as obras solicitadas son compatibles coa protección do patrimonio e conservación dos valores do Camiño, coa condición do cumprimento das condicións sinaladas no punto 2.2 da Resolución, que literalmente din:

*“ a) Aínda cando a ampliación da edificación mediante a elevación en altura adoita ser unha das alternativas máis habituais para incrementar a súa superficie útil, a edificación tradicional non admite con facilidade este tipo de intervención polo que o incremento deberá ser o mínimo para que se manteñan as proporcións e a escala contida da construción existente. Neste caso, estimase que se podería incrementar nuns 15-20 cms. os muros por enriba da liña de coroación das fachadas e, de precisar máis altura, tirar partido da capacidade interna do espazo baixo cuberta.*

*b) Non poderá aumentarse en altura o cumio do tellado e deberá manterse a pendente actual dos faldróns. Manterase a tipoloxía e dimensións dos voos dos beirís da cuberta existentes na propia edificación.*

*c) O material de cobertura será o tradicional do lugar, a lousa irregular.*

*d) Os novos canlóns e baixantes terán sección circulares sen molduras, considerarase axeitado que sexan de zinc na súa cor natural sen brillos.*

*e) De facerse novos remates de chemineas, estes serán sinxelos, harmonizarán cos tipos tradicionais existentes na zona e terán un acabado acorde as fachadas da propia edificación. Tamén se permiten as chemineas de fundición ou aceiro cor gris escura ou negra e acabado mate. Neste caso, recomendase complementar a intervencións coa eliminación da cheminea acaroada á fachada principal sendo o axeitado que descorra polo interior da edificación ata a cuberta.*

*f) Nesta zona as construcións realizadas en pedra de cachotería deixábanse coa pedra á vista ou rematábanse cun recebado e lucido de cal, polo que o axeitado e que as fachadas se pinte, na súa totalidade (no só o zuncho de formigón), en cor branca o beixe ocre clara con pouca saturación de cor, cun acabado liso mate. Os zócalos existentes poderán pintarse cunha cor un ton máis escura da utilizada para as fachadas, ou ben de cor gris medio”.*

*- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.*

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar mil quince euros con oito céntimos (1.015.08) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en trinta e tres mil oitocentos trinta e



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 58

cinco euros con oitenta e catro céntimos (33.835,84). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 262/2020. LICENZA ARI. SUSTITUCIÓN CARPINTERÍA AVDA. DE MONDOÑEDO NUM.7.Dª DOLORES REIGOSA ROMERO.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licenza presentada por Dª.DOLORES ROMERO REIGOSA, con D.N.I. Núm. ****1533T, con data 04/06/2020 e Núm.929 de rexistro de entrada, (GESTIONA 262/2020), con domicilio en Avda. do Val núm.25,piso 3º- parroquia de Santa María (Lourenzá) para a execución das obras consistentes en SUSTITUCIÓN DE CARPINTERÍA DE FACHADAS en vivenda existente en Avda. de Mondoñedo núm.7, parroquia de Santa María (Lourenzá), con referencia catastral 7846014PJ3174N0001ZF, para o que presenta Memoria Valorada de data maio/2018 ,redactada por D. Damián Fernández Muiño, arquitecto técnico colexiado núm. 589 de COAATIE de Lugo.
Visto que no expediente consta informe da arquitecta municipal do A.R.I., Dª. Marta Sánchez Seivane, data 26/10/2020, emitido en sentido favorable e no que se especifican as condiciones que deberán cumprirse para a execución da obra e faise constar tamén que se obtivo a autorización previa preceptiva da Consellería de Cultura e Turismo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Expediente 2020/0924 en data 23/10/2020, sendo de aplicación o Plan Especial de Protección de Vilanova de Lourenzá e as Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Lourenzá para SOLO URBANO- ORDENANZA 07: ZONA DELIMITADA NO RECINTO DEL PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR.
Indicase igualmente en dito informe que a edificación atópase no ámbito del Camiño Norte de Santiago y de la vía autonómica LU-122.
Visto que no expediente, por tratarse dunha actuación sobre un edificio localizado no trazado del Camiño de Santiago Norte, no contorno de protección del Monasterio de Salvador e dentro del ámbito do Plan Especial de Protección de Lourenzá, consta o informe FAVORABLE previo e vinculante de CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO, DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO, Expediente 2020/0924 de data 23/10/2020, rexistrado de entrada el día 26/10/2020 co



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59334TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 58

núm. 1964, estimándose no mesmo literalmente que:*"Os criterios do informe técnico só poderán ser acollidos para os efectos de recomendación. Neste caso estamos ante unha arquitectura vilega, con valores arquitectónicos modestos, catalogada en canto en canto, por volume e morfoloxía , participa coherentemente na trama construída nas proximidades do mosteiro sobre o que se articula a vila.*

*Non semella que o material das carpinterías neste caso sexa un elemento caracterizador determinante dos valores culturais anteriores. Non estamos ante una arquitectura estilisticamente notable onde as carpinterías acheguen un valor sobranceiro. Un criterio flexible neste caso semella o adecuado consonte un principio de proporcionalidade, en tanto en canto non atenta contra o modo que o edificio se insire ambientalmente no territorio protexido. Cabe, xa que logo, un informe favorable ao pretendido pola interesada e así resolvese autorizar a execución das obras de substitución de carpinterías na edificación sita na Avda. de Mondoñedo núm.7(Lourenzá) na traza do Camiño Norte de Santiago."*

Consta tamén no expediente envío da Declaración Responsable a Augas de Galicia, mediante solicitude de data 05/09/2020, con rexistro de saída núm. 315 del 09/06/2020 e á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 05/06/20 e rexistrada de saída o día 09/06/20 col núm. 314.

Á vista do expediente, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúe o seu número legal ACORDA:

PRIMEIRO.- A autorización da obra solicitada.

SEGUNDO.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe da Arquitecta do ARI de data 26/10/19, que se transcribe literalmente:

*a) Las obras se realizarán a salvo el derecho de propiedad y sin perjuicio de terceros, con la obligación de ejecutar las obras conservando las servidumbres legales existentes.*

*b) Las obras no afectarán al volumen ni a la morfología del inmueble. c) El titular de la licencia será el responsable de cuantos daños y pérdidas se puedan ocasionar a intereses públicos o privados como consecuencia de las obras que se autorizan, quedando obligado a su indemnización y a realizar los trabajos que la administración le ordene para la extracción de restos de obra vertidos a espacio público o al lecho del rio durante la ejecución de las obras. Será también responsable de la conservación en buen estado de las obras e instalaciones que se autorizan. d) Durante las obras se deberán de adoptar las medidas precisas para que los peatones circulen con seguridad.*

*c) Para la realización de los trabajos no se invadirán los lechos públicos con maquinaria, ni con andamios, ni se vadearán.*

*d) Se evitarán las escorrentías y el enturbiamiento de las aguas, por lo que las obras se ejecutarán en condiciones climatológicas favorables. En caso de ser necesarios durante la ejecución de las obras, se implementarán sistemas físicos/barreras.*

*e) Los residuos generados durante la actuación deberán ser gestionados adecuadamente de acuerdo a la legislación vigente*

*f)Una vez rematadas las obras o durante su ejecución, en todas aquellas zonas que de alguna manera sufrieran una degradación (tránsito de maquinaria por la zona de policía) se procederá a su rehabilitación descontaminando la tierra si fuera preciso, aportando tierra vegetal, sembrando y plantando, etc, hasta conseguir su situación primitiva.*

*g) La licencia se concede sin perjuicio de las posibles modificaciones que hubieran de realizarse, para cumplimentar las determinaciones que en su momento establezcan las entidades gestoras de los servicios urbanos u otros organismos y las necesarias para la concesión de cédula de habitabilidad o la licencia de primera utilización. Estas modificaciones se comunicarán al Ayuntamiento, antes de su ejecución.*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 58

*h) La inspección y vigilancia de las obras, tanto durante su construcción como posteriormente, estarán a cargo del Concello de Lourenzá o de los inspectores de las afecciones sectoriales existentes.*
*i) La licencia queda sujeta a las disposiciones vigentes, o que en lo sucesivo se dicten, relativas a los contratos y accidentes de trabajo y demás de carácter social, así como en general al cumplimiento de las disposiciones vigentes en materia de pesca fluvial y a las prescripciones específicas que le señale el ente competente e materia de calidad medioambiental, ante el que responderá de su cumplimiento.*
*j) Esta licencia podrá ser revocada por el incumplimiento de cualquier condición y en los casos previstos por la ley.*
*k) Se solicitará a los servicios técnicos del ARI con la suficiente antelación, la comprobación del replanteo.*
*l).-Los acopios de material, colocación de contenedores en la vía pública, casetas de obra, instalación y uso de grúa, andamios o maquinaria auxiliar será precedida de solicitud de licencia municipal o autorización correspondiente. En la solicitud se presentará la documentación oportuna que represente las características, ubicación, etc . de las necesidades previstas al respecto, cumpliendo lo dispuesto en las Ordenanzas municipales. La presente licencia no faculta al solicitante para la colocación de los elementos citados en este apartado.*
*m) Todo desperfecto ocasionado en la vía pública como consecuencia de las obras cuya licencia se concede será reparado por el peticionario y a su costa. El recinto de la obra se vallará con cierre provisional de 2 m de altura. Si el vallado precisa la ocupación de la vía pública, se solicitará la preceptiva licencia. Diariamente se garantizará la limpieza, el orden y la seguridad en el entorno afectado. El recinto ocupado permanecerá cerrado fuera del horario laboral.*
*n). Previo a la ejecución de nuevas acometidas a los servicios urbanos, se solicitará y tramitará la autorización correspondiente por parte de las entidades gestoras de las mismas.*
*o).- Los escombros y materiales de desecho procedentes de la obra, serán evacuados con regularidad a vertedero autorizado.*
*p). Concluidas las obras se comunicará el final de obra firmado por los técnicos que correspondan, incluyendo: - Presupuesto final desglosado de las obras, al objeto de proceder a la liquidación definitiva del ICIO correspondiente. - Planos definitivos de las obras e instalaciones, con descripción de las modificaciones realizadas respecto del documento autorizado."*
*q) Deberá iniciarse en el plazo de un (1) mes, y para la ejecución de las mismas tres (3) meses desde el inicio y deberán estar rematadas en fecha 30 de noviembre de 2020, no pudiendo interrumpirse las obras por tiempo superior a seis (6) meses.*

TERCEIRO.-O Outorgamento da licenza condicionarase ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas normas urbanísticas vixentes así como nas particulares contidas no informe da arquitecta do ARI e nos demais informes preceptivos que constan no expediente.

CUARTO.- O interesado, como trámite previo á concesión da licenza deberá abonar Douscentos vinte mil cincocentos noventa e un euros (220.591,00)en concepto de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, o que ven a supoñer o 3% do presuposto total da obra que ascende a Sete mil trescentos cincuenta e tres euros con tres céntimos (7.353,03).



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59334TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 58

**Expediente 509/2020.CONVENIO COA CONSELLERÍA DE CULTURA PARA A RENOVACIÓN DA PERMANENCIA NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto do orde do día e unha vez coñecido o contido do Convenio, e visto o escrito achegado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade de data 29/09/20, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 30/09/20, sendo rexistrado co núm. 1786, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN EUNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LOURENZÁ PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL JUANA IBARBOROU DE LOURENZÁ, DEPENDENTE DEL, sendo o seu contido o que se transcribe literalmente:

*"Santiago de Compostela, REÚNENSE*

*Dunha parte, a consellería de Cultura, Educación e Universidade (en adiante, a Consellería) e no seu nome e representación, D. Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; así como o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, en relación co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia. Doutra, o concello de Lourenzá (en adiante, o concello) e no seu nome e representación, Dona Rocío López García en virtude do seu cargo de Alcaldesa-Presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

*As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para conviren no nome das entidades que representan teñen conferidas, e, MANIFESTAN*

*Que ámbalas dúas entidades son conscientes de realizar actuacións no eido da creación de recursos de lectura pública que fomenten a mellora dunha oferta adecuada ás novas demandas dos seus usuarios, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia de acceso aos recursos públicos de lectura tanto físicos como dixitais.*

*A Consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, as atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59334TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 58

*163/2018, do 13 de decembro e, en relación co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.*

*Neste sentido, establece que lle corresponde a xestión dos procedementos de integración na rede, e de creación de novos centros. Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, a Consellería configúrase como o órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede.*

*O concello de Lourenzá no exercicio das competencias que lle son propias, solicitou a integración na Rede de bibliotecas de Galicia do centro bibliotecario citado, e para que esta fora firme e efectiva, trala publicación no DOG da Orde do 16 de xaneiro de 2008 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia. (DOG núm. 40 do 26 de febreiro), asinouse o correspondente convenio o 23 de marzo de 2008.*

*A Lei 40/2015 de 1 de outubro, na disposición adicional oitava, regula a adaptación dos convenios vixentes subscritos polas administracións públicas e, establece que deberán adaptarse ao previsto no artigo 49.h) no prazo de tres anos dende a entrada en vigor da Lei. Para os convenios que non tiveran determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tiveran establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei, como é o caso, terán un prazo de vixencia de catro anos á partir da entrada en vigor da Lei (1 de outubro de 2016). Cumprido o prazo transitorio de adaptación, será de aplicación o disposto no artigo 49. h) que, establece que os convenios deberán ter unha duración non superior a catro anos. E que en calquera momento antes da finalización deste prazo, as partes poderán acordar unha prórroga unánime por catro anos adicionais ou a súa extinción.*

*Co obxecto de adaptar e axustar o convenios ás esixencias da Lei 40/2015 así como para actualizar o seu contido cómpre renovar o compromiso de adhesión subscrito. As dúas institucións teñen o convencemento mutuo de que o acceso á cultura da cidadanía galega mellorará compartindo os recursos e poñendo á disposición dos usuarios e usuarias das bibliotecas públicas de Galicia este servizo bibliotecario.*

*Con este convenio asegúrase o acceso aos recursos compartidos da Rede de bibliotecas en formato físico a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria e, en formato dixital a través da Biblioteca Dixital Galega GaliciaLe, plataforma de acceso aberto e gratuíto para os usuarios das bibliotecas de Galicia e, outros servizos que se poidan poñer en marcha.*

*CLÁUSULAS PRIMEIRA.- OBXECTO E OBRIGAS DAS PARTES.*

*O obxecto deste convenio é a colaboración entre as partes para a actualización e a adaptación a normativa de aplicación vixente. Este convenio renova do compromiso de integración do centro bibliotecario municipal na Rede de bibliotecas de Galicia, coa finalidade de mellorar o acceso da cidadanía ao libro e a lectura tanto en formato físico como dixital. Condicións da integración:*

*1.- O Concello comprométese a:*

*a) Dotar á biblioteca do orzamento suficiente para o seu funcionamento.*

*b) Dotar ao centro bibliotecario do persoal adecuado e con capacidade profesional suficiente para asumir as tarefas propias do servizo bibliotecario. Así mesmo asumirá en exclusiva todas as obrigas derivadas da súa condición de empregador.*

*c) Remitir anualmente á Consellería a información que se solicite, con especial atención ás estatísticas anuais.*

*d) Colaborar coa Consellería na formación e perfeccionamento do persoal do servizo bibliotecario municipal.*

*e) Fomentar a participación do centro bibliotecario na Rede e nos programas que nesta se establezan. A interconectividade técnica e semántica, o uso de software, os*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 58

*estándares necesarios para o intercambio e acceso á información e, a adopción das normas e manuais de procedemento que se establezan para as bibliotecas da Rede.*

*f) A participación nos programas de préstamo interbibliotecario, facilitando orixinais ou copias dos documentos solicitados, correndo por conta do centro demandante o gasto que daquel puidera derivar.*

*g) Colaborar coa Consellería na recuperación, conservación e dispoñibilidade pública do patrimonio bibliográfico galego e da documentación de interese para Galicia, debendo facilitar que se leven a cabo os programas de conservación, dixitalización ou rexistro e gravación noutros soportes dos materiais de interese para Galicia, promovidos polo dito órgano, facilitando a súa copia e colaborando na súa recollida e conservación.*

*2.- A Consellería comprométese a:*

*a) Manter ao centro bibliotecario municipal de Lourenzá na Rede de Bibliotecas de Galicia.*

*b) Dotar ao centro bibliotecario municipal do software necesario para a súa xestión a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria.*

*c) Prestar o apoio técnico necesario para acadar servizos bibliotecarios da calidade.*

*d) Promover a realización de accións formativas destinadas ao persoal dos servizos bibliotecarios municipais.*

*e) Organizar o sistema de préstamo interbibliotecario e acceso do centro bibliotecario aos fondos de calquera outro centro da rede, en orixinal ou copia. Tamén se dará acceso, a través dos servizos que se designen para tal fin no sistema bibliotecario galego, ao préstamo intrabibliotecario ou internacional.*

*f) Integrar ao centro bibliotecario en programas de recuperación, conservación, dixitalización ou rexistro en calquera outro sistema de memoria, de materiais de interese local ou galego, ademais de facilitar o acceso aos resultados destes programas.*

*SEGUNDA. – OBRIGAS FINACEIRAS*

*A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación establecidos anualmente nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.*

*TERCEIRA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO*

*Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura e pola alcaldesa do concello de Lourenzá, ou persoas en quen deleguen. Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.*

*CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.*

*O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.*

*QUINTA.- PUBLICIDADE.*

*A partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes. Así mesmo, o concello de Lourenzá, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.*

*SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO.*



Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 58

*Este convenio ten natureza privada e pública entre as dúas administracións. A orde xurisdicional civil e a contencioso-administrativa será a competente, segundo corresponda, para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del. Seranlle de aplicación as seguintes normas:*

*- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.*

*- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*- Artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.*

*- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas*

*- Artigo 81 Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*

*- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia. - Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.*

*- Artigo 49 e Disposición adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Publico.*

*- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*

*- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190 do 18 de setembro)*

*- Orde do 16 de xaneiro de 2008 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia. (DOG núm. 40 do 26 de febreiro).*

*SÉTIMA.- INTRPRETACIÓN E XURISDICCIÓN.*

*Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.*

*OITAVA.- VIXENCIA.*

*O período de vixencia deste convenio empezará a contar dende a súa sinatura e estenderase por un período de catro anos. Antes do remate deste prazo as dúas partes asinantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, agás que unha das partes decida a súa resolución comunicándoo á outra parte con tres meses de antelación.*

*NOVENA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA.*

*Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, https://notifica.xunta.gal. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).*

*Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións. Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións.*

*Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados*.

SEGUNDO.-Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 58

<u>TERCEIRO.-</u> Achegar certificación do presente acordo á Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro da Consellería de Cultura, Educación Universitaria e Universidade para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 537/2020. SEGREGACIÓN PARCELA 3-972 LOURENZA NORTE Y ADQUISICIÓN PARCELA( EXPEDIENTE 03/05/2011).**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Pola Sra. Alcaldesa explicouse o estado do expediente de referencia e entendendo que había que retomalo, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, ACORDA:
<u>PRIMEIRO.-</u>Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 03/05/2011 e en consecuencia ADQUIRIR a D. Moisés Rego Rego, con DNI. núm.76.565.540N, con domicilio en C/Muíño do Frade, núm. 2-2º, parroquia de Santa María, deste térmo, que actúa en representación da Compañía Mercantil "BIRUXES,S.L.", con CIF. B-27160688, con domicilio social en Lourenzá, C/Muíño do Frade s/n, 2º esquerda, finca cuia descrición é como sigue:
*"Finca Num. 3-972-1 do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Lourenzá Norte (Lourenzá-Lugo) que se describe así: Rústica, terreo dedicado a secano, que linda ao Norte coa finca matriz núm. 3-972 de Moisés Rego Rego; Sur, coa finca 3-967 de Remedios Novo Veiga e outro, na actualidade do Concello de Lourenzá; Este, coa finca matriz 3-972 citada; e Oeste, coa finca 3-966 terreo sobrante. Ten unha extensión superficial de SETE ÁREAS E QUINCE CENTIÁREAS (715 M2). Se encontra cualificada como Solo Non Urbanizable Común do municipio de Lourenzá segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e como Solo Rústico de Protección Ordinaria segundo a vixente Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 e a Lei 2/2010."*
A finca adquírese no prezo de CATRO MIL DOUSCENTOS NOVENTA (4.290,00.-) EUROS. O pago que será asumido na súa totalidade polo Concello de Lourenzá e que será abonado no mesmo acto de outorgamento da correspondente escritura de compravenda, por cheque bancario de entidade de recoñecida solvencia e posteriormente AGREGAR a parcela adquirida á 3-967 de propiedade municipal, quedando polo tanto esta finca coa seguinte descrición:
"Parcela de forma poligonal irregular que ten unha una superficie de 5.108 m2, e que linda ao Norte, coas fincas números 3-966, terreo sobrante e 3-972 de Moisés Rego Rego; ao Sur, con camiño; ao Leste coas parcelas 3-



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59347Y3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 58

968 de María Granada Docampo Rico, 3-969 de Belinda Docampo Rico, 3-970 de Ermitas López Noceda e 3-972 de Moisés Rego Rego; e ao Oeste coa finca 3-966, terreo sobrante."
SEGUNDO.- Autoriza-lo gasto con cargo a partida 340.619 do vixente presuposto ordinario.
TERCEIRO.- Notificar dito acordo a D.Moisés Rego Rego, en representación de Biruxes S.L., para o seu coñecemento e efectos oportunos.
CUARTO.- Elevar dito acordo a escritura pública e facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para que en nome e representación do concello, asine dita escritura así como para a xestión e realización de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 384/2019. OBRA BAIXA CAMPO DE FÚTBOL**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o Convenio interadministrativo de cooperación asinado o 24/05/19 entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá para a execución da obra "**CAMPO DE FÚTBOL DE ENTRENAMENTO EN LOURENZA**".

Visto que na adxudicación se produciu unha baixa, por importe de cincuenta e tres mil seiscentos vinte e catro euros con vinte e sete céntimos (53.624,27).

Vista a Memoria Valorada das "OBRAS DE MELLORA, ACCESO E CERRAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE LOURENZA", asinada pola Técnica Superior de Edificacións e Obras Dª Ana Belén Mera Arias por un importe de TRINTA E CINCO MIL OITOCENTOS NOVE EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (35.809,33) con un IVE por importe de SETE MIL CINCOCENTOS DEZANOVE EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (7.519,96), ascendendo o presuposto total á cantidade de CORENTA E TRES MIL TRESCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (43.329,29)

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a Memoria Valorada das "OBRAS DE MELLORA, ACCESO E CERRAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE LOURENZA", cun presuposto de execución por contrata de CORENTA E TRES MIL TRESCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON VINTE E NOVE



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 58

CÉNTIMOS (43.329,29), redactada pola Técnica Superior de Edificacións e Obras Dª Ana Belén Mera Arias con data outubro de 2020.

SEGUNDO.- Solicitar á Deputación Provincial, que a baixa obtida na licitación da obra "CAMPO DE FÚTBOL DE ENTRENAMENTO EN LOURENZA", sexa investida na execución da obra da mesma finalidade e denominada "OBRAS DE MELLORA, ACCESO E CERRAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE LOURENZA".

**Expediente 204/2020. APROBACIÓN SUBSTITUCIÓN PROXECTO TURISMO PLAN ÚNICO 2020**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto do orde do día, pola Alcaldía explicouse que debido as medidas impostas pola pandemia da Covid-19, as que impediron a realización de actividades que foran incluídas no evento turístico denominado " XXX Festa da Faba", e que fora incluído no Programa de Promoción e Dinamización dos Recursos Turísticos do Plan Único de Cooperación cos Concellos de 2020, facíase necesario solicitar á Deputación Provincial a autorización para o cambio do mesmo, dentro do mesmo programa pero incluíndo outras actividades que se puidesen levar a cabo.

A Xunta de Goberno Local, á vista da Memoria presentada e considerando a necesidade de facer dito cambio, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Solicitar á Exma. Deputación Provincial o cambio das actividades programadas no Proxecto de PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LOURENZÁ-PLAN ÚNICO 2020, que non suporía un cambio de presuposto e que en resume, as novas actividades programadas serían as seguintes, sendo o financiamento ao 100% pola Deputación Provincial, a saber:

| 1.- PROMOCIÓN DA FABA | |
|---|---|
| Publicidade en TVG e prensa escrita sobre a faba | 3.206,50€ |
| Elaboración vídeos e roll-ups sobre a faba de Lourenzá | 2.383,70€ |
| Gastos correntes para encontros con fabeir@s | 15,16€ |
| Premio en metálico do concurso cartel anunciador F.Faba 2020 | 350,00€ |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 58

| | |
|---|---|
| SUMA | 5.955,36€ |

| 2.- DINAMIZACIÓN CAMIÑO NORTE E NOSO PATRIMONIO | |
|---|---|
| Realización de figuras cerámicas sobre os recursos turísticos | 3.000,00€ |
| Dinamización nas redes sociais | 978,09€ |
| Vídeo de promoción do Camiño Norte e do Patrimonio | 2.000,00€ |
| Elaboración lona de Promoción do Camiño Norte en Lourenzá | 66,55€ |
| SUMA | 6.044,64€ |
| SUMA TOTAL ORZAMENTO | 12.000,00€ |

SEGUNDO.-Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo.
TERCEIRO.- Achegar certificación do presente acordo á Exma. Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 559/2020. CONVENIO ECOEMBES PARA FOMENTO RECOLLIDA SELECTIVA.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Pola Alcaldía explicouse o proxecto Horeca, presentado pola empresa Ecoembes, cuia finalidade era basicamente un dobre obxectivo, por un lado a de divulgación e formación e por outro o fomento da recollida selectiva municipal que conlevaría un aforro económico para as arcas municipais, o que entraría dentro dos compromisos adquiridos con Sogama e a baixada do canon, de divulgación e formación para fomentar a recollida selectiva, en especial, neste caso, no sector da Hostelería.
Visto o contido do proxecto, a a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:
PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello e Ecoembes, sendo o seu contido literal o que segue:

§ Poderán solicitar axudas para as accións que fai referencia o punto B das finalidades (<u>actividade deportiva</u>) todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas con sede e/ou delegación no Concello de Lourenzá que realicen actividades deportivas de CARÁCTER PERMANENTE (duración entre 7 e 12 meses cunha intervención extensiva de carácter semanal) e cuxa repercusión incida na promoción e na formación deportiva. Sendo a finalidade das axudas sufragar os gastos de persoal, transporte, material didáctico - deportivo, publicidade, seguros deportivos e vestimenta deportiva.

<u>Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, quen concorra nalgunha das seguintes circunstancias:</u>

a) Que fose condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Que solicitase a declaración de concurso voluntario, fose declarado insolvente en calquera procedemento, se atope declarado en concurso, agás que este adquirise a eficacia dun convenio, estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Que dese lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Estar incursa a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 a 58

que desempeñen a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5 /2006 de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/ 1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou por se tratar de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/ 1985 de 19 de xuño, do réxime electoral xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

f) Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente do pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

h) Que fose sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións conforme a esta ou a outras leis que así o establezan.

i) Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 desta lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorresen aquelas.

k) Atoparse nalgún dos supostos que impidan a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.a Obrigas dos beneficiarios

a) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen ó Concello de Lourenzá, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

b) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

c) Acreditar ante o Concello de Lourenzá a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o Concello de Lourenzá, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicar ó Concello de Lourenzá a obtención de subvencións/axudas ou patrocinios (sen achega económica) para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Acreditar que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59334TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 47 a 58

(Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e fronte á Seguridade Social).

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.

Os perceptores da subvención poderán subcontratar o 100% do importe das actividades obxecto da mesma.

De igual xeito este ano establécese que, cando menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

Os beneficiarios da subvención incluirán a imaxe corporativa do Concello de Lourenzá.

- Non existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta das subvencións concedidas.

3.b Protección de datos de carácter persoal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

4. CARÁCTER DA SUBVENCIÓN

<u>As Subvencións do Concello de Lourenzá para o ano 2020 terán carácter voluntario e eventual.</u>

O Concello de Lourenzá, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2020, non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, o Concello de Lourenzá, quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

5. ORZAMENTO

A cantidade destinada para a concesión de “SUBVENCIÓNS PARA AXUDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PROMOTORAS DO DEPORTE” do ano 2020, será de TRES MIL CINCOCENTOS euros (3.500,00 €) con cargo ó orzamento do presente ano 2020

As subvencións do Concello será incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a cantidade subvencionada non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento. Nese caso poderanse compatibilizar até a contía do devandito orzamento.

A distribución da aplicación nas diversas categorías das finalidades de estas bases quedará constituída en función das necesidades globais da acción subvencionadora do organismo e sempre atendendo ao cumprimento con máxima eficiencia da promoción deportiva na provincia de Lugo.

6. CONVOCATORIA



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 58

O órgano competente para a convocatoria do procedemento será a Xunta de Goberno do Concello de Lourenzá

7. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes serán estudadas e resoltas pola Xunta de Goberno, tras a proposta formulada por unha comisión de Valoración constituída da seguinte forma:

PRESIDENTE:

- A Sr. Alcaldesa-Presidenta do Concello ou Concelleiro en quen delegue ou o substitúa legalmente.

VOGAIS:

a) Técnico Municipal de deportes

SECRETARIO:

b) O Secretario-Interventora Xeral da Corporación ou funcionario en que delegue ou o substitúa

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Correspóndelle á comisión de valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, debendo facer constar – de xeito expreso – a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, téndose en conta, así mesmo, para a concesión das subvencións os seguintes criterios de acordo coas diferentes categorías:

Criterios de baremo para a categoría de axudas á actividade competitiva

Modalidade deportiva ........................................Até 18 puntos
Categoría ..........................................................Até 30 puntos
N º de licenzas ...................................................Até 30 puntos
Resultados deportivos ........................................Até 30 puntos
Grao de consolidación territorial ..........................Até 40 puntos

Criterios de baremo para a categoría de axudas para actividades deportivas

Carga horaria ..........................................................Até 30 puntos
Poboación diana .................................................... Até 40 puntos
N º de participantes ................................................Até 30 puntos
Cualificación persoal ...............................................Até 30 puntos
Grao de consolidación territorial .............................Até 40 puntos
Grao de cobertura e difusión en medios ................Até 30 puntos

*A Xunta de Goberno poderá, excepcional e motivadamente, aplicar outros criterios obxectivos que non estean relacionados nos anteriores para a concesión das subvencións.*

8. IMPORTE DA SUBVENCIÓN.

A subvención que o Concello de Lourenzá pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa para cada categoría:

| CATEGORÍA | IMPORTE MÍNIMO | IMPORTE MÁXIMO |
|---|---|---|
| Axudas á actividade competitiva | 300 € | 2.500 € |
| Axudas para actividades deportivas | 300 € | 500 € |

A cantidade concedida non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59334TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 49 a 58

actuación subvencionada, xa que cando menos o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

En caso de incumprimento do previsto no paragrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica municipal.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión. Con carácter xeral e orientativo, o importe da subvención solicitada será entre o 30% e o 75% do orzamento financiable de gastos da actividade.

A Xunta de Goberno só concederá unha axuda a cada actividade para os efectos de que haxa mais dun participante no concurso que solicite axuda para a mesma actividade das presentes bases.

A Xunta de Goberno pode decidir ratear os importes inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atendelas.

9. AS SOLICITUDES: Presentación, prazos, lugar de presentación, órgano ao que se dirixe a petición e documentación a presentar

A convocatoria que será realizada pola Sra.-Alcaldesa Presidenta e que incluirá o prazo que se conceda para a presentación de solicitudes.

As solicitudes, dirixidas á Sra.-Alcaldesa Presidenta do Concello, formularanse nos modelos oficiais, que serán facilitados directamente polo Concello: un exemplar da solicitude – xunto coa documentación que se acompañe -, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, quedando outro exemplar en posesión dos interesados.

* *<u>As entidades poderán solicitar un máximo de UNHA subvención no marco desta convocatoria.</u>*

As solicitudes deben ser subscritas polos peticionarios, acompañándoas daqueles documentos requiridos para cumprir a condición de beneficiario e daqueles outros que conveñan para a definición da axuda solicitada en función das finalidades establecidas nestas bases.

A non presentación da documentación ou omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificados.

<u>Os documentos comúns e necesarios a presentar coa solicitude son</u>:

- Certificación orixinal acreditativa da entidade do acordo de solicitude de subvención ó Concello de Lourenzá e do acordo do nomeamento do representante da entidade para as relacións co Concello de Lourenzá.
- Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- Copia compulsada dos estatutos da entidade.
- Certificación orixinal da entidade onde faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva.
- Declaración xurada do representante da entidade de ter a entidade que representa a condición de beneficiario.
- Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Seguridade Social ).
- Copia do CIF da entidade.

Outros documentos específicos e necesarios a presentar coa solicitude, segundo a categoría da axuda á que se concorre son:

<u>Para a categoría de axudas á actividade competitiva</u>:

a. Certificación da federación correspondente, segundo o modelo normalizado de:

a. Categoría superior da entidade deportiva.
b. Categorías inferiores con representación
c. N º de licenzas por categoría e total de licenzas.
d. N º de equipos por categorías.
e. Resultados deportivos dos equipos.

* Se é o caso, acompañarase certificación federativa do *ranking* federativo dos deportistas da entidade segundo a modalidade deportiva.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 50 a 58

* Os resultados deportivos serán de carácter definitivo no momento de expedir a certificación: da tempada rematada no ano 2020 ou no caso de que non rematase, resultados deportivos na data de publicación da convocatoria. Esta data só se terá en conta si a tempada non rematase no momento de finalizarse o prazo de presentación de solicitudes.

b. Certificación do secretario da entidade do orzamento financiable de gastos subvencionables da actividade competitiva segundo o modelo normalizado.

<u>Para a categoría de axudas para actividades deportivas</u>:

a. Proxecto da actividade programada que debe incluír:
   a. Denominación
   b. Descrición xeral
   c. Xustificación (da actividade, características: fundamentalmente a poboación a quen vai dirixida)
   d. Destinatarios (número e perfil dos participantes (poboación diana))
   e. Localización e cobertura (onde se leva a cabo, de onde son os participantes e n º de horas de actividade)
   f. Obxectivos
   g. Recursos (RRHH: número e titulación, RRMM (inventario do material, diferenciando material funxible e inventariable, RREE: recursos propios do proxecto).
   h. Plan de comunicación e seguimento de medios.
   i. Avaliación dos logros alcanzados.
   j. Orzamento de gastos e ingresos por conceptos da actividade.

b. Certificación do secretario da entidade dos datos da actividade deportiva acompañando o *planning* horario semanal da actividade deportiva por grupos de participantes.

c. Certificación do secretario da entidade do orzamento financiable de gastos subvencionables da actividade deportiva.

10. PRAZOS DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será dende o 1 de xaneiro de 2020 até o 31 de decembro do 2020.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non houbese concluído pola propia natureza da mesma, sendo a súa resolución adoptada polo Concello de Lourenzá, e tendo en conta tamén que a ampliación non exceda da metade deste e sempre que con isto non se prexudiquen dereitos de terceiros.

11. RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN

A Xunta de Goberno resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Non se concederá ningunha subvención até que non se xustifiquen axeitadamente subvencións anteriores concedidas polo Concello de Lourenzá

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención.

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

12. XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Tendo en conta que a rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario é polo que unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse na área de xestión correspondente coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logros acadados.
- Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada, que conterá:



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 51 a 58

1. Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.
2. Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión.
3. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo até o importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas (“*estampilladas*”) polo órgano xestor.
4. Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.
5. Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.
6. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica ou fronte á Seguridade Social).
7. Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.
8. Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se ingresará – de ser o caso – a correspondente subvención unha vez tramitada a documentación presentada.
9. Se é o caso, declaración responsable do representante da entidade de que a entidade que representa está asumindo o custo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita subvención, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
10. Acreditación, se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa do CONCELLO DE LOURENZÁ se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

13. PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade, en calquera caso, o prazo rematará o 31 de marzo de 2021.

Para os casos establecidos na base 10ª no parágrafo II, este prazo poderá modificarse atendendo á excepcionalidade e motivación que fundamente a modificación do prazo de execución, do xeito que o prazo de xustificación sexa coherente coa resolución adoptada.

Transcorrido este prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante a área de xestión competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención.

14. REDUCIÓNS

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase a redución da subvención concedida até que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificado polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 52 a 58

Dado que a actuación deberá ser financiada polo beneficiario cando menos no 5%, si do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5% esixido.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento previo informe da área de xestión competente.

15. SUPOSTOS DE REINTEGRO

No caso de que o beneficiario incorra nalgunha anomalía para obter a subvención ou incumprimento da natureza da actividade total ou parcialmente, así como o incumprimento do contido das bases para a concesión destas, a entidade deberá proceder ao reintegro das cantidades percibidas.

Por causa xustificada, poderá accederse á petición que se formule polos beneficiarios, sobre modificación total ou parcial da actividade programada e que, se é o caso, non poida ser executada de forma orixinaria, e a súa resolución será adoptada polo mesmo Órgano que outorgou a subvención.

16. OUTRAS DISPOSICIÓNS

No non previsto nestas "BASES" estarase ao disposto en:

§ A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
§ R. D. 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.
§ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

SEGUNDO: Efectuar convocatoria para a concesión de subvencións en materia de deportes para actividades competitivas e actividades deportivas, co texto que figura no Anexo do presente acordo.

TERCEIRO: Publicar a mencionada convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello.

**Expediente 22/2018. LIQUIDACIÓN R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U. 3º TRIMESTRE 2020**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o escrito presentado o 21/10/20 con número de rexistro de entrada núm. 2020-E-RC-1925 por D. Angel Luís Olabuenaga Buron con D.N.I. núm. ****3818E, en representación de R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U. con C.I.F. A-15.474.281 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Real núm. 85 de A Coruña, no que solicita que se practique a liquidación da taxa por ocupación de subsolo, solo e voo polos ingresos brutos obtidos por servizos de telecomunicacións no municipio no terceiro trimestre do 2020 e que ascenden á cantidade de doce mil catrocentos noventa e cinco euros con noventa e nove céntimos (12.495,99).

Visto que R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., foi adxudicatario da concesión administrativa para a


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59347Y3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 53 a 58

prestación do servizo de telecomunicacións por cable nas demarcacións territoriais de Galicia e Santiago de Compostela.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Aprobar a liquidación de Secretaría-Intervención da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio publico local do terceiro trimestre de 2020, segundo a cal deberá abonar cento oitenta e sete euros con corenta e catro céntimos (187,44.-) o cal supón o 1,5% dos ingresos brutos que ascenden á cantidade de doce mil catrocentos noventa e cinco euros con noventa e nove céntimos (12.495,99).

2º.- Notificar a R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., o presente acordo aos efectos de que proceda o abono da liquidación practicada.

**ABONO SUBVENCIONS ACTUACIÓNS REHABILITACIÓN 2018-2021/9º FASE-CASCO ANTIGO E ZONA DE RESPECTO.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A Xunta de Goberno Local, á vista dos escritos achegados do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 09/09/20, con data de entrada nas oficinas municipais de 10/09/2020, e sendo rexistrados cos núm. 1655-1656-1657-1658; en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal , ACORDA:

PRIMEIRO.- Abonar as axudas ou subvencións para as actuacións de rehabilitación no A.R.I e zona de respecto que se relacionan a continuación e cuias CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS foron aprobadas por Resolucións do Xefe Territorial do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Consellería de Infraestruturas e Vivenda de data 09/09/20dentro do *Plan Estatal de Fomento de Aluguer de vivendas, Rehabilitación Edificatoria e Renovación Urbanas 2018-2021* e ó abeiro do Real Decreto 106/2018 de 9 de marzo(BOE núm.61 de 10/03/18);



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 54 a 58

Acordo da Comisión Bilateral de seguimento PEV 18-21 asinado o 26/10/18 e Resolución de 3/08/18(DOG. Núm.156 de 17/08/18),ascendendo o importe total de ditas axudas a CORENTA MIL SETECENOS TRINTA E TRES EUROS CON NOVENTA SETENTA E SETE CÉNTIMOS(40.733,97.-) e co seguinte desglose:

| **ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN 2018-2021-9º FASE (CASCO ANTIGO E ZONA DE RESPECTO)** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| SOLICITANTE | DIRECCÍÓN | ORZAMENTO | SUBV.M. FOMENTO | SUBV.AUTONÓMICA | TOTAL SUBVENCÍO |
| L-AR-0037/20 (GEST.344/18) COMUNIDADE PROPIETARIOS CALVO SOTELO, NÚM.6 CIF.H27500032 | R/ Calvo Sotelo, 6 | 32.114,80 | 8.000,00 | 3.211,48 | 11.211,48 |
| L-AR-0038/20 (GEST. 822/18 MªJOSEFA LÓPEZ IGLESIAS NIF.76547703T | R/Calvo Sotelo,21 | 30.449,70 | 8.000,00 | 3.044,97 | 11.044,97 |
| L-AR-0040/20(GEST.238/19) INMOART, 1961 S.L. CIF.B87323283 | R/Calvo Sotelo, 11 | 20.117,50 | 8.000,00 | 2.011,75 | 10.011,75 |
| L-AR-0041/20(GEST.270/19) ANGEL HERMIDA SEIVANE NIF.33692307K | Carretera Masma,12 | 16.931,56 | 6.772,62 | 1.693,15 | 8.465,77 |
| TOTAL | | | 30.772,62 | 9.961,35 | 40.733,97 |

<u>SEGUNDO.-</u> Proceder igualmente á devolución do Imposto de Construcións e Obras segundo acordo plenario de trinta de xullo do ano en curso e a Taxa de Licenzas Urbanísticas que foron abonadas polo solicitantes e que son os que se relacionan a continuación:

| **ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN 2018-2021-9º FASE (CASCO ANTIGO E ZONA DE RESPECTO)** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| SOLICITANTE | DIRECCÍÓN | ICIO TOTAL | ICIO BONIFICADO | TAXA | TOTAL |
| L-AR-0037/20 | R/ Calvo Sotelo, | 863,66 | 820,48 | 53,85 | 874,33 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW59334TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 58

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| COMUNIDADE PROPIETARIOS CALVO SOTELO, NÚM.6 CIF.H27500032 | 6 | | | | |
| L-AR-0038/20 MªJOSEFA LÓPEZ IGLESIAS NIF.76547703T | R/Calvo Sotelo,21 | 770,65 | 732,12 | 22,58 | 754,70 |
| L-AR-0040/20 INMOART, 1961 S.L. CIF.B87323283 | R/Calvo Sotelo, 11 | 603,53 | 573,35 | 22,58 | 595,93 |
| L-AR-0041/20 ANGEL HERMIDA SEIVANE NIF.33692307K | Carretera Masma,12 | 426,85 | 405,51 | --- | 405,51 |
| TOTAL | | | 2.531,46 | 99,01 | 2.630,47 |

TERCEIRO.- Remitir certificación do presente acordo ós interesados así como á Xefe Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, para o se coñecemento e efectos oportunos.

**LIQUIDACIÓN 2º SEMESTRE 2020 CENTRO DE DÍA.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito de data 14/10/2020, rexistrado de entrada co núm. 1901 de 19/10/20, achegado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e no que se comunica o importe correspondente á SEGUNDA LIQUIDACIÓN SEMESTRAL/2020 do CENTRO DE DÍA, con núm. 558/2020, xestionado a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en réxime de cofinaciamento e segundo o cal ao Concello de Lourenzá corresponderíalle ingresar por dito período a cantidade de NOVE MIL TRESCENTOS SETENTA E CINCO MIL (9.375,00.-) EUROS, ( 7,5 prazas a 1.250,00 €/praza) de conformidade co disposto no artigo 69 e Anexo I da Lei 2/2017 de 8 de febreiro (DOG. Núm. 28 de 09/02/17) de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

As sete prazas e media corresponderían ós usuarios empadroados no concello onde se localiza o Centro de Día, tendo en conta a media de usuarios durante o ano natural inmediatamente anterior á data de liquidación. A cantidade de 1.250,00 Euros, correspondería coa metade da contía anual.

Pola Alcaldía indicouse que se puxera en contacto co persoal do Consorcio e que sería no ano próximo, é dicir no 2021, cando teríase en conta o feito de que o Centro de Día permanecera pechado pola COVID-19 durante varios meses do presente ano.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 a 58

A Xunta de Goberno Local, unha vez informada pola Alcaldía e á vista da liquidación practicada polo Consorcio Galego, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a Liquidación núm. 558/2020 correspondente ó cofinanciamento do SEGUNDO SEMESTRE 2020 do Centro de Día do Concello de Lourenzá por importe de NOVE MIL TRESCENTOS SETENTA E CINCO (9.375,00.) EUROS.

Segundo.- Achegar certificación do presente acordo ós servizos de Tesourería para que se proceda ó pago do mesmo así como ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar co correspondente xustificante do pago para o seu coñecemento e efectos oportunos .

**FACTURAS E CERTIFICACIÓNS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| TALLERES FERNANDO E MANOLO. CIF. B27294867 | Núm. Emit-201126 de 30/09/2020 | | 3.590,97 |
| FARO NORTE, COMUNICACIÓN CARMEN CRUZADO IGLESIAS CIF.33321867-L | Núm. A0151/20 DE 13/10/20 | Inserción anuncios Faba 2020 y otros. | 3.206,50 |
| EMERGAL ENSINO, S.L. CIF. B27497817 | Núm.93 de 06/10/2020 | Gel Hidroalcohólico | 6.993,00 |



Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 57 a 58

| | | | |
|---|---|---|---|
| CONCELLO DE BARREIROS CIF.P2700500H | Mes de Setembro/20 | Recollida lixo mes de setembro/2020. | 13.833,84 |
| **TOTAL** | | | **27.624,31** |

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 9HCYK97PJK9LTWW5934TY3PZP | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 58 a 58